



PARLAMENTO
DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS ÁS PNP E MOC PARA O PLENO DO 25/01/2022



2. Mocións	3
2.2 11/MOC-000077 (0026553)	3
(0026553) Entrada da iniciativa	4
(0028853) Emendas dos grupos parlamentarios	8
3. Proposicións non de lei ante o pleno	10
3.1 11/PNP-001627 (0016686)	10
(0016686) Entrada da iniciativa	11
(0028864) Emendas dos Grupos Parlamentarios	14
3.2 11/PNP-002015 (0022234)	16
(0022234) Entrada da iniciativa	17
(0028863) Emendas dos Grupos Parlamentarios	21
3.4 11/PNP-002371 (0026163)	23
(0026163) Entrada da iniciativa	24
(0028860) Emendas dos Grupos Parlamentarios	32
(0028862) Emendas dos Grupos Parlamentarios	34
3.6 11/PNP-002408 (0026944)	36
(0026944) Entrada da iniciativa	37
(0028852) Emendas dos Grupos Parlamentarios	40
(0028861) Emendas dos Grupos Parlamentarios	42



2. MOCIÓN.

2.2 11/MOC-000077 (0026553)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Alexandra Fernández Gómez

Sobre a política do Goberno galego en relación coa mobilización da bolsa de vivendas baleiras (Moción a consecuencia da Interpelación doc. núm. 1710, publicada no BOPG núm. 15, do 16 de setembro de 2021, e debatida na sesión plenaria do 21 de decembro de 2021)



(0026553) Entrada da iniciativa



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórcio, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 22 de decembro, sobre a política do Goberno galego en relación coa mobilización da bolsa de vivendas baleiras (doc. núm **1710**, [11/INT-000095]).

Moción

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a:

-Elaborar un estudo e enquisas propias sobre o estado do parque residencial en Galiza e a cuantificación da vivenda baleira.

-Desenvolver un marco regulatorio propio para abordar o problema da vivenda baleira en Galiza co obxectivo de que as vivendas desocupadas inxustificadamente se incorporen ao mercado immobiliario e cumpran coa súa función social. Esta nova regulación configurarase atendendo ás seguintes pautas:

1. Regular o procedemento de declaración de vivenda baleira, a definición de tipos de propietarios e a creación dun rexistro de vivendas baleiras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórcio, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentolegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Delimitar as áreas nas que serán de aplicación medidas de intervención sobre as vivendas baleiras. A delimitación estará baseada en criterios obxectivos de demanda, tales como a demanda acreditada no Rexistre de Demandantes de Vivenda e non cuberta mediante vivenda pública ou as variacións nos prezos da vivenda libre.

3. Impulsar, nestes ámbitos de acreditada demanda e necesidade de vivenda, as seguintes regulacións:

- Medidas impositivas que graven o incumprimento da función social da propiedade das vivendas. As cotas do imposto regularanse definindo tipos progresivos en relación co tipo de propietario e o total de metros cadrados. Así mesmo poderán aplicarse reducións neste imposto, tamén con criterio progresivo, por aquellas vivendas baleiras mobilizadas cara o alugueiro a prezos accesibles.
- No caso de que a vivenda non sexa mobilizada pasado un tempo determinado e ante a negativa do propietario a acollerse aos programas de fomento, poderán aplicarse outras medidas de intervención directa por parte do IGVS, co fin de que estas vivendas baleiras poidan cumplir coa súa función social.

4. A administración pública articulará para o conxunto do territorio unha serie de medidas de fomento para mobilizar as vivendas baleiras, tendo en conta a demanda do ámbito e as capacidades económicas e tipo de propietario. Entre estas inclúense:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórcio, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Axudas dirixidas a mellorar a habitabilidade, a accesibilidade e a eficiencia enerxética, priorizando as axudas a aqueles propietarios con menos recursos económicos e en zonas de demanda acreditada. As axudas estarán condicionadas á posterior ocupación da vivenda con prezos limitados.
- A posta en marcha de distintos programas de mediación por parte do IGVS que procuren a posta en aluguer a prezos accesibles e articulando medidas de contraprestación segundo o tipo de propietario.”

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2021

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 27/12/2021 12:37:18

CSV: REX-STRO-MNNyglC-8
Verificado:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2021 12:38:23
Nº Rexistro: 26553
Data envio: 27/12/2021 12:38:23.864



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórcio, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentoegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 27/12/2021 12:37:28



**PARLAMENTO
DE GALICIA**

(0028853) Emendas dos grupos parlamentarios



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 17:34:37
Nº Rexistro: 28853**

Data envío: 24/01/2022 17:34:37.052

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada **Noelia Otero Lago**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Moción en Pleno do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa mobilización da bolsa de vivendas baleiras (11/MOC-000077, doc. núm. 26553)

Emenda de modificación

Débese substituír a parte resolutiva da moción polo seguinte contido:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Elaborar un estudo e enquisas propias sobre o estado do parque residencial de Galicia e a cuantificación de vivenda baleira.
- Desenvolver un marco regulatorio sobre a vivenda Baleira en Galicia que estea harmonizado e en consonancia coa que será futura nova Lei do Dereito a Vivenda do Estado:
 1. Que regule o procedemento de declaración de vivenda baleira, a definición de tipos de propietarios e a creación dun rexistro de vivendas baleiras.
 2. Que contemple a declaración das zonas de mercado residencial tensionado na comunidade de acordo cos criterios previstos na tramitación da nova Lei do Dereito a Vivenda.
- Impulsar nos ámbitos de acreditada demanda e necesidade de vivenda medidas encamiñadas a equilibrar e minorar os prezos do alugueiro como a aplicación das medidas fiscais determinadas no Anteproxecto de Lei do dereito a Vivenda para garantir a función social da propiedade de vivendas. Medidas que contemplarán os diferentes tipos de propietarios en atención aos definidos como grandes tenedores.





**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA**
Data asento: 24/01/2022 17:34:37
Nº Rexistro: 28853
Data envío: 24/01/2022 17:34:37:052

- Articular medidas de fomento para mobilizar as vivendas baleiras, tendo en conta a demanda do ámbito e as capacidades económicas e tipo de propietario.

Pazo do Parlamento, 24 de xaneiro de 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 24/01/2022 17:34:06

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 24/01/2022 17:34:13



PARLAMENTO
DE GALICIA

3. PROPOSICIÓNS NON DE LEI ANTE O PLENO.

3.1 11/PNP-001627 (0016686)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Julio Torrado Quintela
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Marina Ortega Otero

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para recuperar progresivamente a presencialidade na atención primaria



PARLAMENTO DE GALICIA

(0016686) Entrada da iniciativa



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2021 10:04:32
Nº Rexistro: 16686
Data envío: 31/05/2021 10:04:32:179

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A situación da Atención Primaria vén sendo obxecto de debate e de queixas continuadas por parte de colectivos de profesionais e usuarios do sistema sanitario de Galicia nos últimos tempos. A pandemia provocada pola COVID sinalou, especificamente, a relevancia da primaria no conxunto do sistema sanitario, evidenciado na necesidade de que fosen os profesionais deste nivel asistencial os que afrontasen un volume de demanda moi elevado por parte da cidadanía.

A presencialidade ou non na atención primaria está sendo obxecto tamén de debate na actualidade, quedando os profesionais de primaria expostos a unha análise e culpabilidade inxusta por culpa de que a Consellería de Sanidade non defende a súa labor correctamente. En troques de explicar correctamente o funcionamento do sistema, e de dotar os medios (persoais e materiais nas infraestruturas) para que poida ser retornada a presencialidade aos niveles que sexan mellores, os profesionais vense expostos a que se permita transmitir a idea de que os centros están pechados ou de que son os médicos/as quen non quere atender en primaria. Con este funcionamento, ademais, estase afondando na fenda entre atención primaria e atención hospitalaria, dividindo ao persoal e confrontando entre profesionais do sistema, o que resulta inaceptable.

A recuperación da presencialidade en Atención Primaria precisa dunha aposta decidida por parte da dirección do goberno de Galicia, pois esta recuperación débese facer na medida que sexa permitida e na medida en que os centros de saúde e persoal teñan unha dotación axeitada. O sistema sanitario de primaria precisa de maiores espazos nos centros de saúde para as salas de espera e para circuitos diferenciados na medida en que se precise manter a convivencia coa COVID-19. Tamén é preciso que a dotación de recursos humanos sexa adecuada en todos os planos e categorías, o que permitiría ampliar as posibilidades asistenciais, o tempo adicado a cada persoa e a posibilidade de organizar correctamente a atención presencial necesaria e a atención telefónica posible.

CSV REXISTRO7nsz0REv3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tel: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



En todo caso, o sistema sanitario deberá formularse retornar, na medida do posible, a recuperar os espazos de presencialidade que perdeu debido á pandemia, pero isto debe facerse compaxinando unha forte aposta polos recursos para poder recuperar ese nivel de atención cos medios axeitados, e organizándoa para que sexa realmente efectiva. É o criterio clínico o que debe priorizar o tipo de atención (presencial ou non), pero tamén o profesional que debe atender cada caso, polo que débese afondar na existencia de criterios e equipas de triaxe na reconstrucción do sistema de atención primaria.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Incorporar progresivamente a dotación de recursos necesaria para recuperar os niveis de atención presencial previa á pandemia conforme os criterios clínicos así o indiquen.
2. Incorporar a figura/s de xestión de caso (triaxe) aos centros de saúde.
3. Consensuar coas entidades representativas do sector e os/as representantes do persoal traballador o proceso de aumento da presencialidade no sistema de atención primaria.

Pazo do Parlamento, 31 de maio do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 31/05/2021 09:57:43

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA**
Data asento: 31/05/2021 10:04:32
Nº Rexistro: 16686
Data envío: 31/05/2021 10:04:32.179

Marina Ortega Otero na data 31/05/2021 09:57:49

Gonzalo Caballero Míguez na data 31/05/2021 09:58:00

CSV REXISTRO: REV23
Verificado:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





(0028864) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á **Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. númeru. **16686 (11/PNP-001627)**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para recuperar progresivamente a presencialidade na atención primaria, que figura na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 25 de xaneiro de 2022.

Emenda de substitución

Substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Cambiar o actual modelo fracasado de atención primaria por un baseado en equipos multidisciplinares de profesionais, en número suficiente e con estabilidade laboral para poder atender en condicións as demandas da poboación.

2.-Realizar, no prazo máximo de seis meses, un Plan de Ordenación de Recursos Humanos que permita coñecer a situación real do cadro de persoal e establecer as rateos axeitadas para ofrecer unha calidade asistencial digna.

3.- Normalizar a asistencia en atención primaria, adoptando cando menos as seguintes medidas:

a) Atención presencial para o 100% das persoas que o precisen e soliciten, con todas as medidas hixiénicas e sanitarias que garantan un entorno seguro.



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA**
Data asento: 24/01/2022 18:15:49
Nº Rexistro: 28864
Data envío: 24/01/2022 18:15:49.099



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórcio, s/n Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420 Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- b) Limitar as consultas telefónicas ou telemáticas a actividades complementarias.
- c) Garantir a atención telefónica sen demoras, co aumento e mellora da rede, dotación do número de profesionais precisos para responder ao aumento exponencial da demanda.”

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 24/01/2022 18:13:35

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2022 18:13:46





**PARLAMENTO
DE GALICIA**

3.2 11/PNP-002015 (0022234)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - María del Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Julio Torrado Quintela

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Marina Ortega Otero

Sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia para elaborar un plan de choque contra a sinistralidade laboral



PARLAMENTO DE GALICIA

(0022234) Entrada da iniciativa



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2021 17:50:17
Nº Rexistro: 22234
Data envío: 20/09/2021 17:50:17.187

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

Neste ano e medio de pandemia de COVID-19 púxose de manifesto de maneira dramática a contradición entre a saúde e a vida e as presións para manter a actividade económica. Contradición que no eido da sinistralidade laboral, por desgraza, en moitas ocasións os representantes dos traballadores teñen que denunciar porque se produce tamén a diario. Así o demostran as cifras.

Porque o traballo debe ser decente, digno e de calidade, libre de riscos. Ningún debería ter que elixir entre traballo e saúde.

A sinistralidade laboral, a pesar da baixada da actividade laboral, por mor da crise que se está a vivir motivada pola pandemia, segue presionando ó mercado laboral galego. Os 24.511 accidentes en Galicia no 2020 e 11.211 nos seis primeiros meses de 2021, que supoñen o 4,2 % do total dos sinistros rexistrados en todo o Estado, ben sexa porque son vítimas dos accidentes no traballo e no peor dos casos, porque faleceron no seu posto de traballo (59 falecidos nesta Comunidade no 2020 e xa 18 mortos nos seis primeiros meses de 2021).

Son as condicións de traballo que están na orixe desta eiva, sobre todo nun mercado laboral como o galego marcado pola precariedade segundo indica o sindicato UGT.

Logo da gran recesión de 2008 e a imposición de políticas de austeridade como única vía posible de saída da crise, vimos como os recortes decimaban servizos públicos que agora se revelan imprescindibles, como a sanidade pública.

Paralelamente, produciuse unha redución de investimentos en prevención de riscos laborais nas empresas e de financiamento de políticas públicas activas en materia preventiva.

CSV REXISTROBañónQ9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tel: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Na última década asistimos a un rebrote dos accidentes de traballo, á ocultación e subrexistro das enfermidades profesionais e afixémonos a que o lema “a precariedade laboral mata” se fixera recorrente nas campañas sindicais de denuncia.

Segundo os datos que adiantaba o Ministerio de Traballo, nos seis primeiros meses de 2021 en Galicia xa se rexistraron 11.211 accidentes laborais con baixa (10.319 en xornada e 892 “in itinere”). Destes, 10.991 tiveron un carácter leve (10.118 en xornada e 873 “in itinere”), 202 graves (185 en xornada e 17 “in itinere”) e 18 persoas faleceron (16 en xornada e 2 “in itinere”).

Por provincias, en relación a hai un ano, nos mesmo período, de xaneiro a xuño, a sinistralidade aumenta en todas, excepto en Pontevedra. Na Coruña, pasa de 4.990 accidentes entre xaneiro e xuño de 2020 a 5.573 no 2021 (11,68 % máis); Lugo, de 1.221 a 1.357 (11,13 % máis); Ourense, de 1.253 a 1.336 (6,6 % máis); e Pontevedra de 4.029 a 2.945 (o que significa unha baixada do 26 %).

Analizando os datos polo miúdo e achegando a análise ós subsectores, que ofrece o Ministerio nas súas estatísticas dos seis primeiros meses de 2021 (aquí o Ministerio non inclúe os accidentes “in itinere”), a realidade é que servizos se leva a peor parte, o 48,38 % da sinistralidade. E, concretamente, á cabeza está o comercio (con 1.389 sinistros), seguido de actividades administrativas e auxiliares (904), transporte (799), sanidade e servizos sociais (604), hostalería (411), administracións públicas e defensa (401), educación (112), outros servizos (100), actividades científicas e técnicas (97), actividades artísticas, recreativas e entretemento (91), información e comunicación (39), servizos no fogar (33), actividades inmobiliarias (7) e actividades financeiras e seguros (6).

Detrás disto, deste sector, está a alta temporalidade que rexistra na contratación, o que provoca que moitas persoas traballadoras non reciban a formación necesaria en materia preventiva e que moitas empresas tampouco vixén a saúde da súa forza de traballo.

No caso da industria o número total de sinistros rexistrados foron 2.636; 1.643 na construcción; 890 na agricultura, pesca, silvicultura e gandería; e 157 noutras empresas de subministros como enerxéticos ou auga e saneamentos.

Resulta evidente que aqueles traballadores e traballadoras que estiveron ó fronte nesta pandemia, que non cesaron a súa actividade, son os más prexudicados pola sinistralidade laboral, xa o foron no ano 2020 e seguen a selo nos seis primeiros meses deste ano.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Precisamente, en relación á pandemia, o Ministerio informa que nos seis primeiros meses deste ano rexistráronse en Galicia 45 accidentes de traballo con baixa por COVID-19.

En canto ós índices de incidencia, é dicir, a relación que mide os accidentes mortais co número de afiliados á Seguridade Social, en Galicia, entre xaneiro e xuño de 2021 este foi de 0,271 puntos, por enriba da media estatal, do 0,251.

Destaca o caso de Pontevedra onde chega ós 0,385 puntos e Ourense, con 0,336.

É preciso resaltar que a alta temporalidade na contratación fai que moitas persoas traballadoras non reciban formación en materia preventiva, nin se produza a necesaria vixilancia da saúde por parte das empresas, ambas, cuestións obligatorias segundo a Lei de prevención de riscos laborais.

Por outra banda, o incremento dos riscos psicosociais, polas péssimas condicións laborais, provocan que unha das máis importantes causas de morte, durante a xornada de traballo, continúen sendo os infartos e derrames cerebrais, segundo datos do Ministerio de Traballo a nivel do Estado porque non desagrega os datos por comunidades autónomas.

Aínda que o informe do ISSGA, referido ó 2020, o último que publicou a Xunta de Galicia, tamén refería que os infartos eran os accidentes más numerosos con consecuencia de morte.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que a través da mesa de diálogo social se articule un plan de choque contra a siniestralidá laboral de xeito inmediato.

Pazo do Parlamento, 20 de setembro do 2021

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 20/09/2021 17:47:57

Julio Torrado Quintela na data 20/09/2021 17:48:06

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es






**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA**
Data asento: 20/09/2021 17:50:17
Nº Rexistro: 22234
Data envío: 20/09/2021 17:50:17:187

Marina Ortega Otero na data 20/09/2021 17:48:13

Gonzalo Caballero Míguez na data 20/09/2021 17:48:22



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



(0028863) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **22234 (11/PNP-002015)**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia para elaborar un plan de choque contra a sinistralidade laboral, que figura na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 25 de xaneiro de 2022.

Emenda de substitución

Substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a impulsar un plan de choque contra a sinistralidade laboral, contando para a súa elaboración e aprobación cos organismos que teñen especificamente atribuídas as competencias en materia de promoción, asesoramento e vixilancia da seguridade e da saúde laboral: ISSGA e Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral.”

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA**
Data asento: 24/01/2022 18:15:32
Nº Rexistro: 28863
Data envío: 24/01/2022 18:15:32,865



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórces, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 24/01/2022 18:14:02

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2022 18:14:15





3.4 11/PNP-002371 (0026163)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Rivas Cruz

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María González Albert

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María del Carmen Aira Díaz

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa actual situación da cadea de producción, obtención e comercialización da carne de vacún



(0026163) Entrada da iniciativa

 PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2021 13:53:43
Nº Rexistro: 26163
Data envío: 13/12/2021 13:53:43,562



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz** e deputadas **María González Albert** e **Carmen Aira Díaz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector gandeiro galego supón un 54% da produción final agraria (PFA) fronte ao 17,5% da media no estado español, segundo o anuario da agricultura familiar en España no 2020, o que nos dá unha idea da importancia do sector primario na nosa economía. Os cinco sub-sectores gandeiros máis importantes despois do lácteo son: o bovino de carne, o avícola, o porcino, o cunícola e o ovino e cabrún.

Galiza aportou en 2.018 un 11% da produción de carne de vacún dentro do estado español. Pero en marzo do 2020, o estado de alarma veu trastornar a vida e as condicións sanitarias, económicas e sociais dos galegos e galegas e diríamnos máis, de toda a cidadanía do mundo. E así en Galiza, co parón do turismo e de toda actividade hostaleira, freouse tamén o consumo de carne fundamentalmente no mercado da hostalaría e restauración e provocou unha forte baixada dos prezos pagados ós produtores/as que contrasta co incremento significativo no prezo medio da cesta da compra.

Os sectores da carne, curiosamente os diferenciados por un manexo extensivo do gando, tanto de vacún coma de ovino e cabrún padeceron especialmente as



**PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA**
Data asento: 13/12/2021 13:53:43
Nº Rexistro: 26163
Data envío: 13/12/2021 13:53:43:562



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórcio, s/n Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420 Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

consecuencias da pandemia, e reclaman medidas paliativas urxentes por parte da administración pública.

A caída nas vendas fixo que becerros, años e cabritos en idade óptima de consumo continuasen nas explotacións máis tempo do normal, ocasionando gastos extraordinarios non previstos na propia manutención e manexo, sen que estes gastos se visen compensados co seu crecemento, sendo a incertidume no mercado unha arma para a especulación cos prezos en orixe por parte da distribución na marco da cadea agroalimentaria.

O sector produtor de carne de vacún no noso país conta con arredor de 20.000 granxas, tendo moi importante presenza en zonas desfavorecidas e de montaña coma actividade económica case única e elemento esencial para a vertebración, xestión e ordenación do territorio.

Botemos unha ollada ós lumes que ano tras ano asolan sistematicamente comarcas abandonadas de Ourense e razoemos sobre este feito e o despoboamento e valoremos na súa xusta medida a permanencia e o incremento desta actividade nas citadas zonas desfavorecidas e de montaña.

Unha boa parte desta carne de vacún, cunha calidade consolidada, comercialízase baixo o selo da IXP “Ternera Gallega” que conta con case 8.000 explotacións. Trátase dunha producción sustentable de recoñecida calidade nos mercados galegos (50% do mercado), nacionais (45% do mercado) e internacionais (5% do mercado).

Mentres os custes de produción aumentan desorbitadamente, nun cálculo provisorio poderíamos andar sobre unha forquita de 50cts/kg. a 1 euro/ kgr. Pola



contra, o prezo por quilo ao produtor baixou temerariamente, a última redución foi de 40cts./kgr.

Se os matadoiros non sacrifican os xatos de cebo, as gandeiras e gandeiros non perciben os ingresos correspondentes, o que provoca unha acumulación de animais nas granxas, non podendo ser vendidos no tempo correspondente. Esta situación afecta tanto ás explotacións cárnicas como lácteas, pola baixada de prezos das vacas de desvelte, dos xatos de recría como de consumo, o que está a provocar unhas perdas considerables, que acrecentan as dificultades de moitas ganderías galegas. No caso das vacas de desvelte a caída rolda o 50%. Se a isto sumamos que debido á Pandemia Tenreira Galega conxelou excedentes debido á falta de saída, no momento en que estes excedentes conxelados saian ao mercado previsiblemente vanse producir prexuízos e baixadas de prezo ós produtores.

Esta produción cárnea é a principal actividade económica de moitas comarcas do país como como as zonas dos Ancares, Fonsagrada, Comarca de Sarria, a Terra Chá, o Courel ou Macizo Central de Ourense. Dalgunhas case que podemos dicir que é a única, e no caso de desaparecer, viría acrecentar o problema de abandono e despoboamento do noso rural, nun momento tan crítico coma o que estamos atravesando, onde se está a pór de manifesto a importancia da producción e fornecemento de alimentos para a sociedade e da recuperación da nosa soberanía alimentaria tanto no ámbito da producción como na do consumo.

Por outro lado se ben é certo que foi o peche e as continuidade das restricións na “horeca” quen reduciu a demanda, certo é tamén que o consumo de carne nos fogares aumentara na pandemia nun 33% e aquí as contas non dan.



É de supoñer que industria e distribución, unha vez máis, aproveitaron as circunstancias en beneficio propio. Vai sendo hora que a Administración revise á alza os prezos e asuma o labor de valorar obxectivamente os custos de produción establecendo os prezos mínimos e garantindo así o cumprimento da lei.

O coronavirus foi utilizado polas industrias e a distribución para impoñer unha baixada xeneralizada dos prezos ao produtor que logo converteu en crónica pasado o período máis restritivo da Pandemia.

Nada trouxo de novo o paso polo Congreso e polo Senado a modificación da Lei da Cadea Alimentaria; no seu aspecto máis necesario para o produtor nada se clarificou nin modificou. Non temos ferramenta clara. Será preciso tirar de valentía política e sentido común para protexer estes sectores ameazados.

Porque logo dos negativos efectos do confinamento e das restriccións da Pandemia, chegaron os tempos das subas desmedidas dos prezos da enerxía eléctrica, dos combustibles, dos concentrados, dos abonos... A lóxica do mercado deberá traer unha suba compensatoria, no prezo final do produto, para estes custos de produción. Mais non é así, aínda ben, os prezos ao produtor baixaron.

Nada se move desde o goberno da Xunta de Galiza para que o produtor reciba un prezo xusto consonte ás subas dos custos de produción xa citadas. Ningún xeito de arbitraxe e ningún mecanismo que determine o cálculo que permita fixar un prezo de referencia para así cumplir co mandado na Lei da Cadea Alimentaria na letra c) do apartado 1 do artigo 9 e no artigo 12 Ter. Destrucción de valor na cadea.

Sobran os oportunismos partidarios con ataques e deixación de responsabilidades por parte do goberno galego que en nada axudan a este sector cárnico vacún coma tamén nada soluciona a formulación de rimbombantes dereitos dos





**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA**
Data asento: 13/12/2021 13:53:43
Nº Rexistro: 26163
Data envío: 13/12/2021 13:53:43:562



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórcio, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

produtores a recibir pagos porriba dos custes de producción se a Lei da Cadea Alimentaria non establece mecanismos para determinar o cálculo dos custes de producción de referencia.

Débese conformar a cadea de valor agroalimentaria de abaxo cara arriba, evitar prácticas desleais na contratación, aumentar os supostos nos que é obligatorio consignar por escrito as relacións contractuais do sector para gañar seguridade xurídica e ampliar o catálogo de prácticas desleais a evitar.

Necesitamos unha Consellería de Medio Rural que participe activamente na súa elaboración, transposición e cumplimento para que sexa o máis efectiva posible e permita reforzar a posición negociadora de tódolos chanzos da cadea, de xeito que se asegure a efectiva competencia de todos eles e se dote de ferramentas eficaces para que se poida negociar en igualdade de condicións.

A Consellería de Medio Rural debe comprometerse como órgano e administración competente que vele polo cumplimento da obligatoriedade do prezo pactado entre produtores e o primeiro comprador, que como mínimo ten que cubrir os custes de producción, para os que se debería constituir unha comisión técnica de avaliación, a fin de actualizar estes valores para cada orientación produtiva no ámbito galego.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:



1. Promover un Foro de encontro e debate e negociación, arbitrado e moderado pola Consellería do Medio Rural, onde estean representados tódolos actores da cadea de producción, obtención e comercialización da carne de vacún: Produtores, Industria e Distribución.
2. A Xunta de Galiza, dentro das súas competencias, velará porque nos novos contratos a asinar entre produtores e os axentes comercializadores, nos prezos acordados, se incorporen cláusulas de actualización automática consonte as subas con referencia aos incrementos dos distintos factores que inciden na producción (alimentación do gando, outros insumos, abonos, fitosanitarios, combustíbeis, electricidade, etc.).
3. Demandar do Goberno do Estado que no desenvolvemento da Lei da Cadea Alimentaria se dote aos sectores produtivos dunha ferramenta pública, obxectiva que determine o cálculo para obter os custes de producción de referencia vinculantes e obligatorios, ou que no seu caso se permita utilizar para a súa determinación fontes do Ministerio de Agricultura (o ECRAE, Estudio de Costes y Rentas de las Explotaciones ou o RENGRATI, (Red Nacional de Granjas Típicas), os estudos publicados polos diferentes observatorios da Comunidade Autónoma ou os realizados pola Universidade ou organismos públicos.
4. Establecer un programa de axudas directas ao sector gandeiro produtivo primario da carne de vacún en Galicia. Activar estas axudas, autorizando un pago adicional por becerro sacrificado vinculado a vaca nutriz que permita equilibrar os prezos; ou ben facendo un pagamento directo por vaca nutriz ou por granxa, para deste xeito asegurar que se está a pagar directamente a quien cría os becerros garantindo así a continuidade das granxas, moitas delas situadas en zonas desfavorecidas e de alta montaña.





**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA**
Data asento: 13/12/2021 13:53:43
Nº Rexistro: 26163
Data envío: 13/12/2021 13:53:43,562



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórces, s/n Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420 Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. Elaborar un plan estratéxico de comercialización dos produtos de proximidade e de calidade a través das plataformas electrónicas e baixo a modalidade online ou de venta directa. Faise necesario formar e capacitar e estes pequenos/as gandeiros nas ferramentas TIC para salvar a fenda dixital cada día máis enorme no noso rural, e tendo en conta a estrutura demográfica con titulares de idade avanzada á fronte deste tipo de explotacións gandeiras.

6. Deseñar e poñer en práctica un programa de estratexias na innovación tecnolóxica nas granxas de producción de carne, como a investigación en materia de elaboración de novos produtos elaborados, envases con novas técnicas de conservación, busca de novos mercados exteriores (acordos para fomento da internacionalización), fomento da programación de partos coa finalidade de desestacionalizar a producción e adecuala á demanda real. É preciso asegurar unhas condicións de viabilidade técnica e económica na incorporación de novos mozos/as á actividade gandeira de producción de carne, así como no relevo xeracional ao fronte das granxas existentes.”

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2021

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

CSV: REXISTRO-JF59yVNH-0-5
Verificado:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA**
Data asento: 13/12/2021 13:53:43
Nº Rexistro: 26163
Data envio: 13/12/2021 13:53:43,562



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórces, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 13/12/2021 13:43:12

María del Carmen Aira Díaz na data 13/12/2021 13:43:20

María González Albert na data 13/12/2021 13:43:29

Xosé Luis Rivas Cruz na data 13/12/2021 13:43:39



**PARLAMENTO
DE GALICIA**

(0028860) Emendas dos Grupos Parlamentarios



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 18:07:14
Nº Rexistro: 28860**
Data envío: 24/01/2022 18:07:14:302

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Martín Seco García**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa actual situación da cadea de producción, obtención e comercialización da carne de vacún (11/PNP-002371, doc. núm. 26163)

Emenda de adición

Débese engadir estos puntos na proposición non de lei que quedarán redactados co seguinte contido:

1. Elaborar un Plan estratégico de viabilidade para o 2022, centralizando as axudas directas do PDR nas explotacións de carne en base a vacas nodrizas, tanto as destinadas a zonas de montaña como as agroambiental.
2. Posibilitar un anticipo das mesmas que permita aos produtores de carne de vacún ter acceso a estes ingresos no primeiro trimestre do 2022.
3. Implementar un Plan de Dinamización da tenreira galega fora de Galicia e un Plan de Revalorización da tenreira suprema para convertela no buque insignia da comercialización da carne de tenreira galega e conseguir que teña o recoñecemento económico por parte do consumidor que a súa calidade merece.

Pazo do Parlamento, 24 de xaneiro de 2022

Asdo.: Martín Seco García
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 24/01/2022 18:04:25

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA**
Data asento: 24/01/2022 18:07:14
Nº Rexistro: 28860
Data envío: 24/01/2022 18:07:14:302

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 24/01/2022 18:04:35

CSV REXISTRO:c3W85EJUJZ7
Verificado:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





(0028862) Emendas dos Grupos Parlamentarios



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 18:15:28
Nº Rexistro: 28862
Data envío: 24/01/2022 18:15:28.490

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa da deputada **Maria Elena Candia López**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esta Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **26163 (11/PNP-002371)** sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa actual situación da cadea de producción, obtención e comercialización da carne de vacún

Emenda de Substitución:

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte texto:

"O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a que no marco do proceso participativo, que se está a desenvolver co conxunto dos axentes implicados na elaboración da estratexia do sector cárnico galego, se manteña do xeito mais inmediato posible, unha xuntanza cos representantes dos tres grupos parlamentarios galegos co fin de valorar as súas propostas de cara a mellorar a situación xeral do sector gandeiro galego"

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



**PARLAMENTO
DE GALICIA**



grupo
parlamentario
popular de galicia



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA**
Data asento: 24/01/2022 18:15:28
Nº Rexistro: 28862
Data envío: 24/01/2022 18:15:28,490

Pedro Puy Fraga na data 24/01/2022 17:53:21

María Elena Candia López na data 24/01/2022 17:53:27

CSV/REXISTRO-V03LENE2
Verificado:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal





3.6 11/PNP-002408 (0026944)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Manuel Balseiro Orol
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Miguel Ángel Tellado Filgueira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Elena Candia López
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Daniel Vega Pérez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Núvoa Iglesias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Cristina Sanz Arias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Borja Verea Fraiz
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Antonio Armada Pérez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Adrián Pardo López
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Moisés Rodríguez Pérez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Ramón Carballo Páez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Raquel Arias Rodríguez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Encarnación Amigo Díaz
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Carlos Gómez Salgado
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jesús Miguel Prado Patiño

Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España dun compromiso que garanta a reactivación da planta de Alcoa en San Cibrao



(0026944) Entrada da iniciativa



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados **José Manuel Balseiro Orol, Miguel Tellado Filgueira, Elena Candia López, Daniel Vega Pérez, Marta Núvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, Borja Verea Fraiz, José Antonio Armada Pérez, Adrián Pardo López, Moisés Rodríguez Pérez, Ramón Carballo Páez, Raquel Arias Rodríguez, María Encarnación Amigo Díaz, Carlos Gómez Salgado e Jesús Miguel Prado Patiño**, ao abeiro do disposto nos artigos 160, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, para a súa tramitación polo procedemento de urxencia

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia adopte unha posición canto antes sobre esta cuestión

Desde o Grupo Parlamentario Popular entendemos que a paralización da producción de aluminio primario na planta de Alcoa San Cibrao durante dous anos non é boa noticia para a Mariña de Lugo, e evidencia as consecuencias dunha política enerxética do Goberno de España totalmente equivocada, que está xerando o desmantelamento de tecido industrial e empresarial, afectando de maneira especial a Galicia e a determinadas comarcas, como esta, polo peso específico que teñen na economía e no emprego as grandes empresas electrointensivas.

Segundo o Barómetro Enerxético de publicado por AEGE, ó prezo eléctrico final que paga a industria electrointensiva en España sitúase, nesta semana, en 121,19€/MWh, mentres que as súas competidoras pagan menos da metade en Francia, 50,90 €/MWh, e un 42% menos en Alemaña, 85,33€/MWh). Para entender o impacto que ten este sobrecusto en empresas siderúrxicas, metalúrxicas e químicas, entre outras, basta con recordar que a enerxía pode chegar a supoñer o 60% dos costes totais.

Polo tanto, é momento de que Goberno de España e Alcoa se impliquen realmente para reactivar as cubas canto antes - se é en 2022 mellor que en 2024 – adoptando as medias necesarias para poder contar cun prezo eléctrico competitivo e levar a cabo os investimentos comprometidos para reactivar a única planta en España que produce aluminio primario..

CSV: REXISTRO-IUSMeBoA-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



**PARLAMENTO
DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA**
Data asento: 31/12/2021 10:00:00
Nº Rexistro: 26944
Data envío: 30/12/2021 20:29:42,477

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte proposición non de lei en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1) Demandar un compromiso claro por parte do Goberno de España e de Alcoa que garanta a reactivación da planta de San Cibrao canto antes, así como a participación do Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico en todas as reunións da comisión de seguimiento constituída tras o acordo acordado entre a empresa e os traballadores, como departamento responsable de establecer un marco enerxético competitivo que garanta o futuro da producción de aluminio primario.
- 2) Seguir traballando co mesmo espírito construtivo ao lado dos traballadores e achegando os apoios necesarios.
- 3) Adoptar as medidas oportunas para considerar como iniciativas empresariais prioritarias os proxectos regulados na Lei 8/2009, de 22 de decembro, que contén con permiso de acceso e conexión firme e vixente, cuxos promotores subscriban un acordo directo de compravenda de enerxía a longo prazo e a prezo competitivo, garantindo polo menos o 50% do consumo de enerxía, cunha empresa con centro de traballo con actividade industrial no territorio da Comunidade Autónoma galega, vinculando estes proxectos ao centro de traballo determinado do que se trate.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 30/12/2021 20:24:29

José Manuel Balseiro Orol na data 30/12/2021 20:24:45

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 30/12/2021 20:25:04

María Elena Candia López na data 30/12/2021 20:25:18

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal

CSV/REXISTRO-USMeUsA-8
Verificado:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA**
Data asento: 31/12/2021 10:00:00
Nº Rexistro: 26944
Data envío: 30/12/2021 20:29:42,477

Daniel Vega Pérez na data 30/12/2021 20:25:28
Marta Nóvoa Iglesias na data 30/12/2021 20:25:37
Cristina Sanz Arias na data 30/12/2021 20:26:06
Borja Verea Fraiz na data 30/12/2021 20:26:16
José Antonio Armada Pérez na data 30/12/2021 20:26:30
Pardo López, Adrián na data 30/12/2021 20:26:49
Rodríguez Pérez, Moisés na data 30/12/2021 20:27:09
Ramón Carballo Páez na data 30/12/2021 20:27:33
Raquel Arias Rodríguez na data 30/12/2021 20:27:45
María Encarnación Amigo Díaz na data 30/12/2021 20:28:00
Gómez Salgado, Carlos na data 30/12/2021 20:28:14
Prado Patiño, Jesús Miguel na data 30/12/2021 20:28:22

CSV: REXISTRO-USMeUsA-A-8
 Verificado:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



**PARLAMENTO
DE GALICIA**

(0028852) Emendas dos Grupos Parlamentarios



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 17:32:51
Nº Rexistro: 28852**

Data envío: 24/01/2022 17:32:51:490

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada **Patricia Otero Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España dun compromiso que garanta a reactivación da planta de Alcoa en San Cibrao (11/PNP-002408, doc. núm. 26944).

Emenda de modificación

Débese modificar a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Demandar un compromiso claro por parte da Xunta de Galicia, Goberno de España e de Alcoa que garanta a reactivación da planta de San Cibrao canto antes, así como a participación da Consellería de Economía, Empresa e Innovación e o Ministerio de Transición Ecolólica e do Reto Demográfico en todas as reunións da comisión de seguimento constituída tras o acordo acadado entre a empresa e os traballadores, como departamento responsable de establecer un marco enerxético competitivo que garanta o futuro da produción de aluminio primario.
2. Que xunto co Goberno do Estado sigan traballando co mesmo espírito construtivo ao lado das traballadoras e traballadores e achegando os apoios necesarios.
3. Adoptar as medidas oportunas para considerar como iniciativas empresariais prioritarias os proxectos regulados na Lei 8/2009, de 22 de Decembro, que contén con permiso de acceso e conexión firme e vixente, cujos promotores subscriban un acordo directo de compravenda de enerxía a longo prazo e a prezo competitivo, garantindo polo menos o 50% do consumo de enerxía, cunha empresa con centro de traballo con actividade industrial no territorio da Comunidade Autónoma galega e alto contido enerxético, vinculando estes proxectos ao centro de traballo do que se trate.





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA**
Data asento: 24/01/2022 17:32:51
Nº Rexistro: 28852
Data envío: 24/01/2022 17:32:51:490

Pazo do Parlamento, 24 de xaneiro do 2022

Asdo.: Patricia Otero Rodríguez
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 24/01/2022 17:01:10

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 24/01/2022 17:01:26

CSV REXISTRO-Y0GR5uBc-9
Verificado:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





(0028861) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **26944 (11/PNP-002408)**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España dun compromiso que garanta a reactivación da planta de Alcoa en San Cibrao, que figura na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 25 de xaneiro de 2022.

Emenda de substitución

Substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1) Demandar un compromiso claro por parte do Goberno de España e de Alcoa que garanta a reactivación da planta de San Cibrao canto antes, así como a participación do Ministerio para a Transición Ecolólica e Reto Demográfico en todas as reunións da comisión de seguimiento constituída tras o acordo acordado entre a empresa e os traballadores, como departamento responsable de establecer un marco enerxético competitivo que garanta o futuro da produción de aluminio primario.

2) Deseñar, coa maior das urxencias, un Plan de Industrialización e Emprego para a Mariña, consignando o orzamento necesario e calendarizando a totalidade do proceso no primeiro trimestre de 2022.

3) Demandar do Goberno Central que as Comunidades exportadoras de enerxía eléctrica teñan unha abaratamento nas peaxes de cara a favorecer a compensación do impacto social e medioambiental e ter un vector de competitividade económica.



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA**
Data asento: 24/01/2022 18:15:16
Nº Rexistro: 28861
Data envío: 24/01/2022 18:15:16.036



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórcio, s/n Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420 Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Adoptar as medidas oportunas para corrixir as deficiencias na planificación enerxética de Galiza, singularmente no sector eólico, impulsando os cambios normativos necesarios para ordenar o sector, dar certeza xurídica, garantías de participación democrática e custodia medioambiental e favorecer as seguintes medidas:

- a) a participación pública do sector como forma de regular o seu desenvolvemento e obter recursos económicos para reinvestir no desenvolvemento socioeconómico de Galiza.
- b) o impulso de Plans de Desenvolvemento Industrial asociados ás novas instalacións nas que se terá en conta de forma singular a construcción de componentes e subministros no noso país, a vinculación a proxectos de xeración de valor engadido e o impulso de compromisos de compravenda de enerxía a longo prazo e a prezo competitivo a empresas galegas.”

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

Deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 24/01/2022 18:03:34

CSV REXISTRO-BNG/0002-9
Verificado:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 18:15:16
Nº Rexistro: 28861
Data envio: 24/01/2022 18:15:16.036



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórces, s/n Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420 Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 24/01/2022 18:03:45

CSV: REXISTRO-BNG/00 ez-2-9
Verificado:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramres/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA